

GONDOMAR

Habendo quedado definitivamente aprobado o Regulamento do Cemiterio Municipal de Gondomar, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese a súa publicación, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo sinalado no art. 65.2 da mesma Lei.

REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE GONDOMAR

CAPITULO I

Disposicións Xerais

ARTIGO 1

O Cemiterio Municipal de Gondomar é un ben de dominio público municipal coa calificación de ben de servizo público que esta suxeito á autoridade do Concello, o que lle corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naquelo que sexa competencia propia de outras autoridades e organismos.

ARTIGO 2

Corresponde ó Concello:

- a) A organización, conservación e acondicionamento do cemiterio, así como das construcións funerais, dos servizos e instalacións.
- b) A autorización a particulares para a realización no cemiterio de calquera tipo de obras e instalacións, así como a súa dirección e inspección.
- c) O outorgamento das concesións sepulcrais e o recoñecemento dos dereitos funerarios de calquera clase.
- d) A percepción dos dereitos e taxas que Se establezan legalmente.
- e) O cumprimento das medidas sanitarias e hixiénicas dictadas e que se dicten no futuro.
- f) O nomeamento, dirección e cese do persoal do cemiterio.

ARTIGO 3

Os ministros ou representantes das distintas confesións relixiosas ou de entidades legalmente recoñecidas poderán dispor o que crean mais conveniente para a celebración dos enterros a acordo coas normas aplicables a cada un dos casos e dentro do respecto debido ós defuntos.

CAPITULO II

Persoal

ARTIGO 4

O persoal dos cemiterios estará integrado polo encargado xeral e o resto de empregados que os ser-- vicios funerarios estimen oportuno. Ditas persoas poderán ser funcionarios ou persoal laboral contratado ou persoal eventual nos termos legalmente establecidos. Os seus dereitos e deberes regularanse polo disposto nesta Ordenanza e nas disposicións xerais de aplicación en cada caso.

ARTIGO 5

1.-O persoal do cemiterio deberá usar o uniforme que aprobe o Concello e que lle será facilitado por éste dotado de luyas de goma e caretas protectoras contra as emanacións en todos aqueles traballos que o requiran.

2.—Fará o horario que determine o órgano competente do Concello, así como as horas extraordinarias que deban efectuarse por necesidades do servicio.

ARTIGO 6

1.-O persoal fará os traballos e funcións que lle corresponda, e solucionará, dentro das súas posibilidades, as solicitudes e queixas que se formulen e tratará ó público coa consideración e deferencia oportunas.

2.-O persoal a que fai referencia este capítulo non poderá dedicarse a ningún traballo para particulares que estea relacionado cos cemiterios municipais.

ARTIGO 7

- 1.—A conservación e vixiancia dos cemiterios están encomendadas o encargado xeral.

2.—Son funcións do encargado:

- a) Abrir e pechar as portas do cemiterio á hora sinalada polos servicos funerarios municipais en cada época do ano.
- b) Facerse cargo das licencias de enterro.
- c) Asinar as cédulas dé enterro e devolve-las conxuntamente coas licencias citadas no apartado anterior, ós servicos funerarios municipais.
- d) Arquivar a documentación que reciba.
- e) Vixiar o recinto do cemiterio e informar das anomalías que observe ó órgano responsable dos servicos funerarios municipais.
- f) Cumprir as ordes que reciba do citado órgano no que respecta o orde e organización dos servicos do cemiterio.
- g) Impedir a entrada ou saída do cemiterio de restos mortais e obxectos, se non se dispón da correspondente autorización.
- h) Impedir a entrada o cemiterio de cans e outros animais.
- i) Esixir os particulares a presentación da licencia municipal para a realización de calquera obra.
- j) Vixiar que o resto do empregados do cemiterio cumpran puntualmente a súas obrigas, ínfonmando das faltas que se cometan o órgano responsable dos servicos funerarios municipais.
- k) Distribuir o traballo os axudantes e peóns de acordo coas, necesidades do

servicios e as ins: truccións que reciba o citado órgano.

- l) Dispor a realización das inhumacións, exhumacións, traslados e outros servicios, unha vez presentada a documentación necesaria, e vixiar perManecendo o pe da sepultura, que se fagan debidamente ata o final.11) Coidar que tódolos -departamentos do cemiterio atópense sempre en perfecto estado de limpeza, conservación e orde.
- m) Impedir rigorosamente a entrada o cemiterio de toda persoa ou grupo que, polo seus xestos, comportamento ou outros motivos ostensibles poidan perturbar a tranquilidade do recinto ou alterar as normas de respecto inherentes a este lugar.
- n) Coidar as plantas e arborado do interior do recinto.

3.- O encargado xeral poderá baixo a súa responsabilidade, delegar as funcións citadas no artigo anterior ó resto do persoal dos cemiterios pódolle, nembargantes, en coñecemento do seu superior ou do órgano administrativo responsable dos servicios funerarios municipais.

4.- En todo o que faga referencia á organización e funcionamento do cemiterio, o encargado xeral estará baixo a dirección do órgano responsable do servicios funerarios municipais.

ARTIGO 8

Corresponde o resto de persoal dos cemiterios a realización dos traballos materiais que sexan necesarios naquel recinto tales como as operacións ordinarias de enterros, exhumacións, traslados e similares, sempre baixo a dirección do encargado xeral. Así como todos aqueles que lle sexan delegados por éste.

CAPITULO III

Normas de funcionamento

ARTIGO 9

1.—A Administración dos cemiterios estará a cargó do negociado do Concello encargado dos servicios funerarios municipais.

2.—Corresponde ós servicios funerarios municipais as seguintes competencias:

- a) Expedir as licencias de inhumacións, exhumacións e traslados.
- b) Expedir as cédulas de enterro.
- c) Levar libro de rexistro de enterros e ficheiro de sepulturas e nichos.
- d) Practicar os asentos correspondente en tódolos libros-rexistro.
- e) Expedir os títulos e anotar as transmisións de acordo cos decretos municipais corresponden-tes.
- f) Cobrar os dereitos e taxas por prestación do servicios funerarios do cemiterio, de conformi dade coa ordenanza fiscal correspondente.
- g) Formular .o Concello as proPostas necesaria en relación con aquelas puntos que se conside ren oportunos para a boa xestión dos servicio: do cemiterio.

- h) Calquera outra función relacionada cos serví cios do cemiterio que non estea atribuída expresamente a outro órgano municipal.

ARTIGO 10

Nin o Concello nin ningún dos seus órganos nin persoal, asumirá reáponsabilidade algunha respecto a roubos e estragos que poidan cometerse por terceiros nas sepulturas e obxectos que se coloquen nos cemiterios fora dos casos previstos na lexislación vixente. Tamen, o persoal dos cemiterios non se fará responsable da rotura no intre de abrir un nicho das lápidas colocadas por particulares.

ARTIGO 11

1.—De conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria, no cemiterio municipal dispórase de:

- a) Depósito de cadáveres.
- b) Sala de autopsia e embalsamentos.
- c) Crematorio destinado á destrución de roupas e todos aqueles obxectos que non sexan restos humanos, procedentes da evacuación e limpeza de sepulturas.
- d) Sector destinando ó enterro dos restos humanos procedentes de abortos, ,intervencións cirúrxicas e amputacións.
- e) Un número de sepulturas valeiras proporcional o censo de poboación do municipio.
- f) Dependencias administrativas.
- g) Instalacións para o aseo e desinfección de persoal do cemiterio.
- h) Almacén de materiais e utensilios necesarios para os traballos de conservación e mantemento do cemiterio.
- i) Servicios sanitarios públicos.

2.—Nos cemiterios habilitarase un ou diversos lugares destinados a oseira xeral para recoller os restos resultantes da limpeza e desaloxo de nichos e sepulturas. En ningún caso poderanse reclamar os restos unha vez depositados nas oseiras. Poderanse levar restos da oseira coa finalidades pedagóxicas, mediante a autorización escrita do Concello, o cal non poderá concedela si o interesado non tonta previamente coa petición escrita do centro no que fai os seus estudos e, si fora necesario, do Departamento correspondente da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

ARTIGO 12

1.—O cemiterio permanecerá aberto o público o tempo suficiente para atende-la realización dos enterramentos, acto de culto e honras fúnebres, como tamén as visitas e coidado de sepulturas polos familiares das persoas enterradas.

2.—Pola Alcaldía fixarase un horario que en cada época do ano sexa o mais conveniente para cumprir estes fins.

3.—O horario habitual amplíase nas datas tradicionais de visitas ós defuntos.

4.—O depósito de cadáveres, en tanto permita a súa utilización, estará permanentemente aberto.

5.—Os enterramentos haberán de realizarse dentro do horario que se fixe. O

Concello poderá limitar este horario ó que corresponda a realización dunha xornada laboral normal, do mesmo xeito en determinados días poderá fixarse un horario reducido, en consecuencia co que realice o persoal.

6.—O persoal do Cemiterio, durante o tempo en que o recinto estea pechado, realizará as labores que poidera sufrir trastorno pola presenza do público; en especial practicaranse nese tempo as labores de exhumación que supoña a substitución do cadaleito, retirada de restos cadavéricos ou outros similares.

ARTIGO 13

1.—A entrada de materiais para a execución de obras realizarase únicamente durante o horario que se fixe con esta finalidade polos servicios funerarios municipais. As obras que sexan realizadas por particulares, deberán executarse durante o horario de apertura ó público e deberán de contar coas licencias e autorizacións procedentes.

2.—Prohíbese facer dentro do cemiterio operacións de serrar pezas ou mármore, así como de despezar ou outras similares. Cando, por circunstancias especiais, precisase face-lo, deberase solicitar a autorización do persoal do cemiterio que deberá sinalar o lugar concreto onde se terán que facer estes traballos.

3.—Durante a noite queda expresamente prohibido levar a cabo enterros e realizar calquera clase de traballos dentro do recinto dos cemiterios, salvo casos excepcionais debidamente xustificados.

ARTIGO 14

Os órganos municipais competentes coidarán dos traballos de conservación e limpeza xerais do cemiterio. A limpeza e conservación das sepulturas e dos obxectos e instalacións correrán a cargo dos particulares.

No caso de que os particulares incumprisen o deber de limpeza e conservación das sepulturas, e cando se aprecie estado de deterioro, os servicios funerarios municipais requirirán ó titular do dereito afectado e se este non realizase os traballos no tempo sinalado, o Concello poderá realizalos de forma subsidiaria, a seu cargo, sen prexuízo do previsto neste Regulamento no que respecta á caducidade do citado dereito.

ARTIGO 15

1.—Os cadáveres que non teñan que inhumarse inmediatamente a súa chegada o cemiterio, serán colocados no depósito de cadáveres.

2.—As autoridades xudiciais e sanitarias poderán ordenar o ingreso no depósito daqueles cadáveres, que este previsto sexan inhumados no cemiterio, antes de transcorridas vinte e catro horas despois da morte.

3.—Os particulares non lles esta permitida a estancia no depósito de cadáveres, mentres estean estes, salvo as visitas autorizadas durante un tempo limitado.

CAPITULO IV

Inhumacións, exhumacións e traslados o

ARTIGO 16

- As inhumacións, exhumacións e traslados de cadáveres ou restos efectuaranse según as normas do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e de acordo co disposto nos artigos seguintes.

ARTIGO 17

1.—Toda inhumación, exhumación ou traslado realizarse coa autorización expedida polos servicios funerarios municipais e as das autoridades sanitarias correspondentes nos casos que sexan necesarias.

• 2.—A autorización de unha inhumación precisará a presentación na administración do servicio dos documentos seguintes:

- a) Título funerario ou solicitude leste
- b) Licencia de enterro, en caso de morte natural.
- c) Autorización xudicial, nos casos distintos da morte natural.
- d) Recibo dos dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

A vista da documentación presentada, expedirase licencia de inhumación e a cédula de enterro.

ARTIGO 18

1.—Na cédula de enterro farase constar:

- a) Nome e apelidos do defunto.
- b) Data,e hora da defunción.
- c) e) Lugar de enterro.
- d) Si se ha de proceder á redución de restos.
- e) Si o cadáver ha de estar ou non no depósito.

2.—A cédula de enterro será devolta pola garda ou sepultureiro do cemiterio os servicios municipais, debidamente asinada, como xustificación expresa de que aquel levouse a cabo e para súa anotación no libro de rexistro correspondente.

ARTIGO 19

1.—Se para poder levar a cabo unha inhumación nunha sepultura que conteña cadáveres ou restos fose necesario proceder a: súa _reducción, efectuarase esta operación, cando así sexa solicitada, en presenza do titular da sepultura ou persoa en quen delegue.

2.—O número de inhumacións sucesivas en cada unha das sepulturas solo estará limitado pola súa capacidade respectiva, salvo:a limitación voluntaria, expresa e fehaciente disposta polo titular, xa sexa relación o número de inaimacións, ou determinando nominalmente as persoas que poidan ser enterradas na sepultura de que se trate,

ARTIGO 20

1.—No momento de presentar un título para efectuar unha inhumación, identificarase a persoa a favor da cal se haxa estendido. En todo caso a persoa que presente o título deberá xustificar a súa intervención e lexitimación a requirimento dos servicios funerarios municipais.

2.—Para efectuar a inhumación de un cadáver que non sexa o do propio titular, nos casos en que non fora presentado o título, requirirase a conformidade do titular e, na súa ausencia, de calquera que teña dereito a sucede-lo na titularidade.

ARTIGO 21

1.—Non se poderá realizar traslados de restos sen obtención do permiso

expedido polos servicios funerarios municipais. Este permiso solo se concederá nos seguintes supostos:

- a) Cando os restos inhumados eh dous ou mais nichos trasladense a un solo.
- b) Cando se trate de traslados proced-entes de outros municipios.
- c) Naqueles casos excepcionais en que o acorden os servicios funerarios municipais.

2.—A pesar disto, salvo disposición xeral que o autorice, non poderán _facerse trasladadosou remoción de restos ata que haxan transcorrido dous anos dende a inhumación ou cinco si a causa —da morte representase un grave perigo sanitario., excepcións ós citados prazos aplicaranse de conformidade co previsto polo Regulamento de Policia Sanitaria Mortuoria.

ARTIGO 22

1. A exhumación dun "cadáver ou dos restos, para a súa inhumación noutro cemiterio, precisará a solicitude do titular da sepultura de que se trate, acompañada da correspondente autorización sanitaria, tendo que transcorrer os prazos establecidos no artigo anterior.

2.—Se a inhumación ha de efectuarse noutra sepultura do mesmo cemiterio, precisarase, ademais a conformidade do titular desta última.

Nembargantes, deberán cumprirse para a súa autorización por parte dos servicios funerarios municipais os requisitos expostos no artigo anterior.

ARTIGO 23

Os enterros nos cemiterios municipais realizaran-se sen ningunha discriminación por razóns de xión ou de calquera outrer tipo.

ARTIGO 24

A colocación de epitafios ou de lápidas requirirá o permiso previo dos servicios funerarios municipais.No caso de que estes invadan terreo ou espacio de outras sepulturas, serán retirados enseguida a requirimento dos citados servicios, que procederan á execución forzosa dos acordos que adopten, no caso de non ser atendidos polos interesados dentro dos prazos concedidos para elo.

CAPITULO V

Dereitos funerarios

ARTIGO 25

O dereito funerario ou dereito de sepultura comprende as concesións e arrendamentos a que se refire o presente título. Os dereitos funerarios serán outorgados e recoñecidos polo Concello de acordo coas prescricións desta ordenanza e coas normas xerais sobre contratación local.

ARTIGO 26

Todo dereito funerario inscribirase no libro rexistro correspondente acreditandose as concesións mediante a expedición do título que proceda.

ARTIGO 27

O dereito funerario implica solo o uso das sepulturas do cemiterio, titularidade dominical que corresponde unicamente ó Concello, de conformidade co establecido no artigo 1 desta ordenanza.

ARTIGO 28

Os nichos e calquera tipo de construción que haxa no cemiterio consideraranse bens fora de comercio. En consecuencia, non poderán ser obxecto de compravenda, permuta ou transacción de ningunha clase. Solo serán validas as transmisións previstas nesta Ordenanza.

ARTIGO 29

1—As obras de carácter artístico que se instalen, reverterán a prol do Concello ó rematar a concesión. As citadas obras, unha vez instaladas 'na sepultura correspondente, non poderán ser retiradas do cemiterio municipal sen autorización expresa do Concello, e so para súa conservación.

2.-O mesmo réxime aplicarase a calquera outra instalación fixa existente nas sepulturas do cemiterio, aínda que non teñan carácter artístico. Entenderase por instalación fixa_ calquera que este unida ou achegada de tal forma á sepultura que o feito de retirar aquela poida implicar un deterioro desta, por pequeno que sexa.

ARTIGO 30

Cando morra o titular sen haber outorgado testamento e sen deixar ningún parente, o dereito funerario reverterá ó Concello, unha vez transcorrido o prazo para o que foi outorgado.

ARTIGO 31

O disfrute de un dereito funerario levará implícito o pago da taxa ou exacción correspondente, de conformidade coas disposicións da ordenanza fiscal municipal relativa a esta materia.

ARTIGO 32

As concesións e arrendamentos poderáneutorgase:

- a) A nome de unha soia persoa física.
- b) A nome dunha comunidade ou asociación relixiosa ou establecemento asistencial u hospitalario, recoñecidos pola Administración Pública para uso exclusivo dos seus membros ou de seus beneficiarios ou acollidos.
- c) A nome de Corporacións, Fundacións ou entidades legalmente constituídas para o uso exclusivo do seus membros ou empregados.
- d) A nome dos cónxuxes no momento da primeira adquisición.

ARTIGO 33

En ningún caso pederán ser titulátés de concesións nin de outro dereito

funerario as compañías de seguros de previsión e similares, e por tanto non terán efectos ante o Concello as cláusulas das pólizas ou contratos que concerten, si pretenden cubrir (nítros dereitos que non sexan o de proporcionar os asegurados o capital necesario para abonar^o dereito funerario de que se trate.

ARTIGO 34

1.—As concesións acreditaranse mediante o correspondente título, que será expedido pola Administración Municipal.

Nos títulos de concesión farase constar:

- a) Os datos que identifiquen a sepultura.
- b) Data do acordo municipal de adxudicación.
- c) Nome e apelidos do titular e D.N.I.
- d) Anualidades satisfeitas en conceptos de dereitos funerarios.

2.—En caso de deterioro, substracción ou pérdida dun título funerario, expedirase duplicado coa solicitude previa do interesado.

3.—Os erros no nome de calquera outro tipo, que se advirtan nos títulos funerarios, correxíranse a instancia do seu titular, previa xustificación e comprobación.

ARTIGO 35

As concesións de nichos terán unha duración de 99 anos e serán improrrogables. O seu remate, o titular ou as persoas que se subroguen por herencia ou outro título poderán escoller entre solicitar unha nova concesión para ue terán preferencia, ou o arrendamento dun nicho de restos o trasladar os existentes do nicho de que se trata á oseira xeral.

ARTIGO 36

1.—Os enterros que sucesivamente se realicen en un mesmo nicho, non alterarán o dereito funerario. Unicamente, se un cadáver é enterrado canelo o prazo que falta para o fin da concesión ou no seu caso, da prórroga, é inferior o legalmente establecido para o traslado o remoción de -cadáveres, o citado prazo prorrogarase excepcionalmente por un período de cinco anos dende a data do enterco.

2.—O remate desta prórroga excepcional de cinco anos, aplicarase o que dispón o artigo anterior.

3.—Durante o transcurso da prórroga a que se refire o número 1 de este artigo, non poderá practicarse ningún novo enterco no nicho de que se trate.

ARTIGO 37

1.—Os arrendamentos de nichos adxudicaranse por un prazo de cinco anos:

2.—Transcurrido o período de aluguer, poderán outorgarse novas prórrogas, sempre que os interesados o -soliciten con oito días de antelación á data de

terminación.

3.—Cada unha das prórrogas terá un prazo non inferior a un ano nin superior a cinco, con unha duración total de vintecinco anos.

4.—Transcorrido este tempo, rexerá o establecido no artigo 35.

ARTIGO 38

En calquera caso, non atender os requirimentos para a rehabilitación de calquera tipo funerario á finalización do prazos establecidos nesta ordenanza implicará necesariamente a--reve-rSió-nedo,dereito correspondente o Concello coa sepultura que ile represente, e o traslado dos restos existentes na sepulturas, nas que o dereito non haxa sido renovado, á oseira común.

ARTIGO 39

Os nichos arrendados poderán ser adquiridos con carácter temporal polo titular da sepultura, mediante o seu pago de conformidade co que determine a ordenanza fiscal. A duración desta concesión se verá diminuída polo prazo que haxa permanecido aluga-
do.

ARTIGO 40

Os restos pertencentes a personalidades ilustres • a criterio da Corporación, non serán trasladados á oseira común si correspondese facelo por algunha das circunstancias sinaladas en artigos anteriores. Neste caso, e por excepción, o Concello adoptará as medidas necesarias a fin de que os citados restos permanezan nunha-sepultura individualizada que permita a fácil identificación.

ARTIGO 41

A pesares do prazo sulinado para as concesións e arrendamentos, si por calquera motivo houbera de pecharse o cemiterio antes de rematar ,o citado prazo, os titulares dos respectivos dereitos poderán, ser indemnizados polo prazo pendente de transcorrer, aínda que para o calculo da indemnización te-rase en conta unicamente o importe da taxa abonada en non o da obra ou instalacións executadas polo concesionario ou arrendatario.

ARTIGO 42

1.—Existirán sepulturas destinadas á inhumación de cadáveres correspondentes a persoas que ca-rezan absolutamente de medios económicos `para sufragar os gastos derivados do enterro. Estas non poderán ser obxecto de concesión nin arrendamento e su utilización non reportará ningún dereito.

2.—TranáCori.ido:9_prazo establecido no artigo 21, procederase o traslado dos restos á fosa común.

ARTIGO 43

Non poderá reclamase -baixo _ningún pretexto, polos familiares -dun defunto ou outras persoas que se consideren interesadas, o cadáver enterrado nunha fosa común, -a .excepción dos casos en que así o dispoña a autoridade xudicial-ou sanitaria.

ARTIGO 44

1.—De conformidade co previsto no artigo 50 deste Regulamento, o producirse a morte do titular dun dereito funerario, terán dereito á transmisión o seu favor, por este orcle, os herdeiros testamentarios, o cónxuxe supervivente o, si falta, as persoas as que corresponda a sucesión intestada.

2.—Si o causante houbera instituído diversos herdeiros ou se non houbera cónxuxe supervivente, e diversas persoas resultasen herdeiras do interesado, a titularidade do dereito funerario será recoñecida en favor do herdeiro que por maioría designen os restantes no prazo de tres meses a partir da morte do causante ou da data en que sexa dictado o acto de declaración de herdeiros. Se non fose posible a maioría, o dereito será recoñecido a prol do herdeiro da maior idade.

ARTIGO 45

1.—Estimaranse válidas as cesións a título gratuito do dereito funerario sobre sepulturas por actos "intervivos" a favor de familiares do titular, en búa directa e colateral ata cuarto grado, ambos por consanguinidade e ata o segundo grado por afinidade, así como o efectuado a cónxuxes ou persoas que acrediten lazos de afectividade e convivencia co titular por un mínimo de cinco anos anteriores á transmisión. Así mermo estimaranse validas aquelas que se definan a favor de hospitais, entidades benéficas ou relixiosas con personalidade xurídica segundo a lei.

2.—As sucesivas transmisións de un dereito funerario non alterarán a duración do prazo para o que foi inicialmente concedido.

ARTIGO 46

O titular dun dereito funerario poderá renunciar, sempre que na sepultura correspondente non haxa restos inhumados. A este efecto dirixirase solicitude o Concello, que deberá ser posteriormente ratificada mediante comparecencia persoal do interesado, ou no seu caso, do seu representante legal.

ARTIGO 47

Decretarase a pérdida ou caducidade do dereito funerario, con reversión da correspondente sepultura o Concello nos casos seguintes:

- a) Por estado ruinoso da edificación, declarado co informe técnico previo, e o incumprimento do prazo que se sinale ó titular para a súa reparación e acondicionamento, previa tramitación do expediente, con audiencia o interesado.
- b) Por abandono da sepultura. Considerarase como tal o transcurso de dous anos dende a morte do titular sen que os herdeiros ou persoas subrogadas pola herencia ou outro título instasen a transmisión o seu favor.
Se os herdeiros ou persoas subrogadas por herencia u outro título comparecesen instando a transmisión e a sepultura se encontrara en estado deficiente, deberá ser acondicionada no prazo de tres meses, transcorrido o cal sen facerse as reparacións necesarias, decretarase a caducidade do dereito funerario, con reversión ó Concello.
- c) Polo transcurso dos prazos polos que foi concedido, o dereito, sen solicitarse a súa renovación ou prórroga, de conformidade co disposto no Capítulo deste mesmo título.
- d) Por falta de pago dos dereitos ou taxas dentro dos prazos correspondentes.
- e) Por renuncia expresa do titular na forma prevista no artigo.

DISPOSICION ADICIONAL

Nas materias non previstas expresamente nesta Ordenanza estarase ó previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria vixente.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

Primeira.—Os dereitos funerarios concedidos a perpetuidade e en propiedade existentes na actualidade entenderanse subsistentes, sen prexuízo da potestade municipal de deixalos sen efecto previa indemnización dos danos causados.

Segundo. -Os herdeiros e as persoas subrogadas por herencia ou outro título que udá .haxa instado a transmisión o seu favor do dereito funerario corresponderte no intre da entrada en vigor destas Ordenanzas disporán de tres anos para efectúa-lo, transcorrido o cal decretarásese a perda do dereito funerario con reversión da sepultura correspondente ó Concello.

DISPOSICION FINAL

O -Presente _Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto íntegramente no Boletín Oficial da provincia, transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Gondomar, 9 de maio de 1994:—O-Alcalde, flexible.